

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO:
2025/G007/000014**

Excmo. Sr. Don Rubén Arroxo Fernández, alcalde-presidente en funcións do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a relación de expedientes concluídos asinada pola secretaria xeral do Pleno en data 25 de abril de 2025 e, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, no salón de sesións, sito na praza Maior número 1, o vindeiro **venres**, día **26 de decembro de 2025**, ás **DEZ DA MAÑÁ**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/186 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE NOVIEMBRE DE 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

2/187 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 39, 59, 60, 61, 62, 63 (QUE SE SUPRIME), 65, 66 E DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE LUGO (ROMGA). (EXP. 2025/G004/000779)

DESENVOLVEMENTO LOCAL

3/188 ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO”.

MOBILIDADE

4/189 APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓN (ZBE) DO CONCELLO DE LUGO.

CULTURA

5/190 RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 6873/2025, DO 8 DE XULLO DE 2025, DO LIBRO DE RESOLUCIÓN, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2026.

FACENDA LOCAL

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3896093228855834874.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-12-2025

6/191 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE CORTE DE VACÚN DE LEITE E FOSA DE XURRO EN LAMABOA (SAN XOÁN DO CAMPO), PRESENTADA POR DONA MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO, EN REPRESENTACIÓN DE SDAD. COOP. GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA.

7/192 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL NA SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PRESENTADA POR GANADERÍA CASA CURRO SC.

INTERVENCIÓN

8/193 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 13-205. REPAROS 89-2025, 94-2025 E 98-2025.

PROPOSICIÓNS

9/194 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 384/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO PROXECTO DO MUSEO DA ROMANIZACIÓN NO ANTIGO CUARTEL DE SAN FERNANDO (Exp. 2025/G004/000762).

10/195 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 386/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REPROBACIÓN E REPULSA DOS ACTOS DE ACOSO SEXUAL E O SEU ENCUBRIMENTO (Exp. 2025/G004/000771).

11/196 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 387/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR O DESBLOQUEO NO CONGRESO DA TRAMITACIÓN DAS LEIS ANTIOKUPACIÓN APROBADAS NO SENADO (Exp. 2025/G004/000772).

12/197 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 388/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA UN SERVIZO DE LIMPEZA DE FOSAS SÉPTICAS PARA AS PARROQUIAS DO RURAL (Exp. 2025/G004/000773).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

13/198 DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 1/473 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE NOVIEMBRE DE 2025, RELATIVO Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO NO TITULAR DA ÁREA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE. (EXP. 2025/G004/000725).

14/199 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 11257/2025, DO 1 DE DECEMBRO DE 2025, RELATIVO Á NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS DO GRUPO PSdeG-PSOE ÁS COMISIÓNS DE PLENO, CON MOTIVO DA INCORPORACIÓN DE DONA MARÍA REIGOSA CASTRO COMO CONCELLEIRA DE DITO GRUPO. (EXP. 2025/G004/000730).

15/200 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 11673/2025, DO 12 DE DECEMBRO, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO NÚMERO 10280/2025, DO 4 DE NOVIEMBRE, DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL. (EXP. 2025/G004/000766).

16/201 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 14 DE NOVIEMBRE DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (EXP. 2025/G004/000768).

INTERVENCIÓN

17/202 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE ANÁLISE DOS SALDOS DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE EXERCICIOS PECHADOS (CAPÍTULO III DE TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS) A 31-12-2024.

18/203 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICABLE OBRIGATORIO SOBRE A AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE DURANTE O EXERCICIO 2024.

19/204 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA ANUAL DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS DO CONCELLO DE LUGO. EXERCICIO 2024.

FACENDA LOCAL

20/205 DACIÓN DE CONTA DA ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVOS DOS ACORDOS NOS QUE SE APROBARON INICIALMENTE AS MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL XERAL; DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA; DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES; DA ORDENANZA NÚMERO 406, REGULADORA DO PREZO

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3896093228855834874.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-12-2025

PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

TESOURERÍA

21/206 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE NOVIEMBRE DE 2025.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 389/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REVISIÓN, REPARACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DOS CONTEDORES DE RESIDUOS COLOCADOS NO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 390/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS TANTO PREVENTIVAS COMO DE MELLORA DA SEGURIDADE NO LOCAL SOCIAL DE MEILÁN E SE REPAREN DE MANEIRA URGENTE OS DANOS QUE SUFRIU O LOCAL NO ÚLTIMO ACTO VANDÁLICO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 391/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL REVISE A REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA LOUZANETA E GARANTA O FUNCIONAMENTO CUNHA PRESIÓN REGULAR, CONSTANTE E SUFICIENTE.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 392/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RECOÑEZA INSTITUCIONALMENTE A FIGURA DE D. RAMÓN FALCÓN RODRÍGUEZ POLA SÚA CONTRIBUCIÓN DECISIVA Á CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA ROMANA DE LUGO E SE COLOQUE UNHA PLACA CONMEMORATIVA COA QUE SE LLE RENDA HOMENAXE.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 393/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA FASE NA QUE SE ATOPA A ELABORACIÓN DA ORDENANZA ESPECÍFICA E DA TAXA PARA O AUDITORIO "FUXAN OS VENTOS".

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 394/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DA

ORDENANZA MUNICIPAL DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 395/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APARICIÓN DUNHA PRAGA DE ROEDORES NO INTERIOR DAS INSTALACIÓNS DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO E DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 396/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ENTREGA DEFINITIVA DAS ESCRITURAS DE PROPIEDADE AOS VECIÑOS DAS VIVENDAS DA CROA.

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.